



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Bases para a interpretación do coñecemento científico		Código	661G01008
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán/Galego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde/Enfermaría			
Coordinación	Fernández Fraga, María Inés	Correo electrónico	ines.fernandez.fraga@udc.es	
Profesorado	Fernández Fraga, María Inés	Correo electrónico	ines.fernandez.fraga@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descripción xeral	Esta materia consta de dúas partes diferenciadas: Metodoloxía da Investigación Cualitativa (2 ETCs) e Bioestatística e Metodoloxía da Investigación Cuantitativa (4 ECTs). Cada parte da materia é impartida por profesores especializados en cada unha das áreas. A finalidade común é establecer os elementos metodolóxicos, cuantitativos e cualitativos, que necesita o/a estudiante para ser consumidor/a crítico/a da información científica da súa disciplina no ámbito das Ciencias da Saúde.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A18	Comprender a metodoloxía de investigación cualitativa en saúde.
A19	Comprender a metodoloxía de investigación cuantitativa en saúde.
A20	Comprender os métodos estatísticos frecuentes en estudos do área de ciencias da saúde.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B21	Implicación na calidade e busca/procura da excelencia.
B23	Habilidade para traballar nun contexto internacional.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C11	CB3.- Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C13	CB5.- Que os estudiantes desenvolveran aquellas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores con un alto grao de autonomía

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título	
1.- Identificar e describir os principais fundamentos teóricos da investigación cualitativa			A18	B1 C6 B3 C7 C8
2.- Identificar e describir as características metodolóxicas da investigación cualitativa			A18	B1 C6 B3 C7 B21 C8 B23 C11



3.- Describir os métodos e as técnicas para a obtención e a análise de datos cualitativos	A18 B3 B8 B11 B21 B23	B1 C7 C8 C11 C13
4.- Identificar e describir as características metodológicas da investigación cuantitativa	A19 A20	B1 B3 B8 B11 B21 B23
C6 C7 C8 C11 C13		
5.- Describir e utilizar os métodos estadísticos frecuentes en estudios da área de ciencias da saúde	A19 A20	B1 B3 B8 B11 B21 B23
C6 C7 C8 C11 C13		
6.- Comprender os elementos necesarios para a execución dun estudio clínico-epidemiológico	A19 A20	B1 B3 B8 B11 B21 B23
C6 C8 C11 C13		

Contidos		
Temas	Subtemas	
TEMA I: Fundamentos da investigación cualitativa. Características. Deseño cualitativo. Pregunta de investigación.	1.1. Investigación cualitativa en enfermaría. 1.2. Fontes de coñecemento e investigación científica. 1.3. Paradigmas da investigación en ciencias da saúde e fundamentos da investigación cualitativa. 1.4. Deseño cualitativo: Pregunta de investigación. Proceso circular na investigación.	
Tema II: Investigación cualitativa: métodos e técnicas de colleita de datos.	2.1. Principais Métodos: 2.1.1. Fenomenológico. 2.1.2. Teoría fundamentada. 2.1.3. Etnográfico. 2.1.4. Estudios de caso. 2.1.5. Historias de vida. 2.2. Principais Técnicas: 2.2.1. A observación. 2.2.2. Técnicas conversacionais: 2.2.2.1. Entrevista en profundidade e entrevista semiestructurada. 2.2.2.2. Grupos de discusión. 2.3. Rol do investigador. 2.4. A selección de participantes.	



Tema III: Investigación cualitativa: análisis de datos e elaboración de informe	3.1. Análise cualitativa. 3.2. O rigor na investigación. 3.3. A ética na investigación cualitativa. 3.4. Presentación do informe final.
TEMA IV: Bioestatística	4.1. Concepto de estatística. Variables e tipo de variables. 4.2. Análise descriptiva e representación gráfica de datos. 4.3. Cálculo de probabilidades. A distribución normal. Características e aplicacións. 4.4. Introducción á estatística inferencial. Estimación de parámetros e intervalos de confianza. 4.5. Introdución aos contrastes de hipóteses. A significación estatística. Erro de tipo I e erro de tipo II. Potencia estatística. 4.6. Asociación entre dúas variables cualitativas. Táboas de continxencia. Proba de chi-cadrado. 4.7. Comparación de medias. Test t de Student. Tests paramétricos e non paramétricos. 4.8. Correlación entre variables. 4.9. Introdución á análise multivariante. Regresión lineal múltiple, regresión logística. 4.10. Significación estatística vs. Relevancia clínica. 4.12. Medidas de frecuencia de enfermidade. 4.13. Cuantificación do risco e medidas de efecto.
Tema V: Metodoloxía de investigación cuantitativa	5.1. Esquema básico dun protocolo de investigación en Ciencias da Saúde. 5.2. Tipos de estudios clínico-epidemiológicos 5.3. Poboación e mostra. Tipos de mostraxe 5.4. Introducción á xustificación do tamaño muestral 5.5. Lectura e análise de resultados dun artigo de investigación en Ciencias da Saúde

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 B21 B23 C6 C7 C8 C11 C13	11	22	33
Presentación oral	A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 C11	1	3	4
Sesión magistral	A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 C8 C11 C13	20	28	48
Solución de problemas	A18 A19 A20 B8 C7 C11 C13	6	9	15
Lecturas	A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 B21 B23 C6 C8 C11 C13	0	20	20
Prácticas a través de TIC	A19 A20 B1 B3 B8 B11 C6 C7 C8 C11 C13	8	12	20
Proba mixta	A18 A19 A20 B3 B8 B11 C6 C11	2	0	2
Atención personalizada		8	0	8

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	&quot;Metodoloxy Cualitativa&quot;; As/os estudiantes en grupo ou individualmente realizarán actividades relacionadas cos contidos, dende a proposta dunha pregunta, á lectura crítica dun informe final e á realización dunha proposta de investigación cualitativa.
Presentación oral	&quot;Metodoloxy Cualitativa&quot;; Presentación da proposta de investigación elaborada individualmente ou en grupo.
Sesión maxistral	Exposición oral por parte do profesor dos contidos téoricos de cada tema da materia, complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de exemplos e preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe
Solución de problemas	Formulación aos alumnos de casos prácticos que deben resolver facendo uso dos coñecementos teóricos que se traballan na materia
Lecturas	Revisión de textos e documentos dixitais como profundización dos contidos traballados na materia
Prácticas a través de TIC	Actividades de carácter práctico, mediante a utilización das TIC, para aplicar na práctica os contidos teóricos da materia. Utilizarse software de análise estatística e epidemiolóxica
Proba mixta	Proba obxectiva que pode integrar preguntas test, de resposta breve e/ou exercicios de cálculo

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Aprendizaxe colaborativa	A atención personalizada relacionada con estas metodoloxías ten como finalidade orientar as/os estudiantes na realización dos traballos propostos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou telemática (a través do correo electrónico, Moodle ou Teams)
Solución de problemas	
Prácticas a través de TIC	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Aprendizaxe colaborativa	A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 B21 B23 C6 C7 C8 C11 C13	&quot;Metodoloxy Cualitativa&quot;; O resultado das actividades realizadas en grupo ou individualmente (incluída a proposta de investigación cualitativa) será entregado previamente á súa exposición na aula ou mediante as tecnoloxías de información e comunicación telemática.  A nota representará 80 % da calificación global da parte correspondente a &quot;Metodoloxy Cualitativa&quot; no total da materia.	24
Proba mixta	A18 A19 A20 B3 B8 B11 C6 C11	&quot;Metodoloxy Cuantitativa/Bioestatística&quot;; Realizarse unha proba escrita na data oficial do exame da materia. A proba constará de preguntas tipo test, preguntas de respuesta breve e/ou exercicios de cálculo relacionados cos contidos teóricos, as lecturas propostas e os problemas expostos no desenvolvemento da materia. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. O resultado desta proba representará o 50% da cualificación global desta parte da materia.  &quot;Metodoloxy Cualitativa&quot;; Proba escrita con preguntas tipo test o curta relacionadas cos contidos teóricos, lecturas e aprendizaxe colaborativa. A nota total representará 20 % da calificación total da parte correspondente a &quot;Metodoloxy Cualitativa&quot; no total da materia.	41



Solución de problemas	A18 A19 A20 B8 C7 C11 C13	&quot;Metodoloxía Cuantitativa/Bioestatística&quot;; Se realizarán probas de coñecemento e /ou boletíns de exercicios prácticos que se deben resolver de xeito individual ou en grupos mediante a aplicación dos coñecementos traballados.  Puntuarase: <ul style="list-style-type: none"><li>- A entrega da totalidade dos traballos propostos</li><li>- A adecuación das respuestas proporcionadas</li><li>- A presentación e a claridade na descripción dos resultados</li><li>- A utilización das ferramentas informáticas e os recursos web axeitados para a resolución do problema</li></ul> No caso de detectar traballos ou respuestas as preguntas coincidentes doutros ou coincidentes entre eles non se puntuarán  Estas actividades puntuaranse de 0 a 10 puntos, representando o 30% da cualificación desta parte da asignatura.	21
Prácticas a través de TIC	A19 A20 B1 B3 B8 B11 C6 C7 C8 C11 C13	&quot;Metodoloxía Cuantitativa/Bioestatística&quot;; Realizarase unha proba individual na que se desenvolverán supostos prácticos mediante o uso de programas estadísticos-epidemiológicos. Esta proba puntuarse de 0 a 10 puntos, representando o 20% da cualificación desta parte da asignatura.	14

## Observacións avaliación



A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico consta de 2 bloques:

? METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA (2 ECTS): a cualificación deste bloque representará o 30% da nota final

? BIOESTATÍSTICA E METODOLOXÍA CUANTITATIVA (4 ECTS): a cualificación deste bloque representará o 70% da nota final.

As dúas partes da materia serán cualificadas de forma independente, obtendo en cada unha delas unha puntuación entre 0 e 10 puntos. Para superar a materia é necesario superar cada unha das partes individualmente, de acordo cos criterios establecidos polo/a profesor/a correspondente. No caso de que non se supere unha das dúas partes na 1<sup>a</sup> oportunidade, a nota que figurará será a correspondente á parte suspensa, e para a 2<sup>a</sup> oportunidade manterase aprobada a parte que se teña superada na 1<sup>a</sup> oportunidade dentro da mesma convocatoria.

A cualificación final calcularase tendo presente o número de créditos de cada unha das partes da materia. Por tanto, a nota final será a media ponderada calculada coa fórmula:

Nota final = 0,3 \* Nota Investigación Cualitativa + 0,7 \* Nota Investigación Cuantitativa/ Bioestatística

Por limitacións da plataforma, o contido deste apartado é orientativo. Nos primeiros días de clase cada docente comentará como se realizará a avaliación da súa parte.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS UNIDADES DIDÁCTICAS DE BIOESTATÍSTICA E METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA

? Proba mixta: Realizarase unha proba escrita na data oficial do exame da materia. A proba constará de preguntas tipo test, preguntas de resposta breve e/ou exercicios de cálculo relacionados cos contidos teóricos, as lecturas propostas e os problemas expostos no desenvolvemento da materia. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. O resultado desta proba representará o 50% da cualificación global desta parte da materia.

? Solución de problemas: Realizaranse probas de coñecemento e/ou boletíns de exercicios prácticos que se deben resolver de maneira individual ou en grupo mediante a aplicación dos coñecementos traballados, e cuxa entrega será puntuable nos casos nos que así se indique. Todos os traballos puntuaranse sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. A cualificación media destes traballos representará o 30% da cualificación global desta parte da materia.

? Prácticas a través de TICs: Realizarase unha proba individual na que se desenvolverán supuestos prácticos mediante o uso de programas estadísticos-epidemiológicos. Esta proba puntuarse de 0 a 10 puntos, representando o 20% da cualificación desta parte da asignatura.

A cualificación final desta parte da materia calcularase de acordo coas porcentaxes anteriores. A puntuación mínima para superar esta parte da materia será de 5 puntos, sendo imprescindible conseguir un 3 na proba escrita para facer media cos outros compoñentes da avaliación deste bloque.

A metodoloxía de avaliación descrita é obligatoria para as/os alumnas/os de primeira matrícula tanto en primeira como en segunda oportunidade. En caso de non realizar algúna das actividades de avaliación continua (solución de problemas e prácticas a través de TICs), estas serán cualificadas con 0 puntos á hora de obter a cualificación final segundo as porcentaxes anteriores.

2<sup>a</sup> convocatoria e posteriores. Matrícula parcial e dispensa académica de asistencia: As/ os alumnas/os de segunda convocatoria ou posteriores, matrícula parcial ou dispensa de asistencia deberán poñerse en contacto coa profesora desta parte da materia ao comezo do curso e optar por un dos seguintes sistemas de avaliación: i) o sistema de avaliación establecido para primeira matrícula, ii) superar a materia únicamente mediante a avaliación na proba obxectiva, que representará o 100% da nota final desta parte da materia.

Oportunidade adiantada: a avaliación realizarase mediante unha proba obxectiva que se puntuará de 0 a 10 puntos, debendo obter un 5 para superar este bloque da materia.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS UNIDADES DIDÁCTICAS DE METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA

? Aprendizaxe colaborativa: A nota representará 80 % da calificación global desta parte da materia.

? Proba Mixta: A nota total representará 20% da calificación global desta parte da materia.

A cualificación final desta parte da materia calcularase de acordo coas porcentaxes anteriores. A puntuación mínima para superar esta parte da materia será de 5 puntos, sendo imprescindible conseguir un 5 na aprendizaxe colaborativa e un 4 na proba mixta.

Segunda oportunidade (e sucesivas), oportunidade adiantada: Utilizaranse as mesmas metodoloxías e o mesmo proceso será que na 1<sup>º</sup> oportunidade.

Matrícula a tempo parcial: Utilizaranse as mesmas metodoloxías e o mesmo proceso que para o estudiantado con matrícula a tempo completo.

MATRÍCULA DE HONRA: Se outorgará ás puntuacións más elevadas superiores a 9 unha vez ponderadas as dúas partes da materia. As docentes da materia poderán considerar criterios adicionais en caso de igualdade de condicións e habendo máis aspirantes que matrículas.

NON PRESENTADO: A cualificación de Non Presentado corresponderá ao/á estudiante que non realizase ningunha das probas obxectivas vinculadas á avaliación dos dous bloques dos que consta a materia.

FRAUDE: A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometía: o/a estudiante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

SICUE, ERASMUS e BILATERAL: O alumnado nesta situación deberá poñerse en contacto coas docentes ao comezo das distintas partes da materia. Deberán realizar a avaliación continua no tempo e forma que se lles solicite para ser avaliados. O sistema de avaliación é igual ao descrito en matrícula ordinaria.

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumplir o obxectivo estratéxico 9 do "I Plan de Sustentabilidade Medio-Ambiental do Green Campus ", os traballos que se realicen nesta materia solicitaranse en formato virtual e soporte informático. De realizarse en papel:

- a.-Non se empregarán plásticos.
- b.- Realizaranse impresións a dobre cara.
- c.- Empregarase papel reciclado.
- d.- Evitarse a impresión de borradores, moi especialmente en cor.



## Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Burns N, Grove S (2004). Investigación en enfermería. Madrid: Elsevier</li><li>- Callejo J (2001). El grupo de discusión: introducción a una práctica de investigación. Barcelona: Ariel</li><li>- Fortín MF (1999). El proceso de investigación: de la concepción a la realización. Madrid: Mc Graw-Hill/Interamericana</li><li>- Grove S. (2019). Investigación en enfermería: desarrollo de la práctica enfermera basada en la evidencia. Barcelona: Elsevier</li><li>- Holloway I (2017). Qualitative research in nursing and healthcare. Chichester: Wiley</li><li>- LoBiondo-Wood G (2018). Nursing Research. Methods and Critical Appraisal for Evidence-Based Practice. St. Louis: Mosby ? Elsevier</li><li>- Mercado FJ, Gastaldo D, Calderón C (2002). Investigación cualitativa en salud en Iberoamérica. Métodos, análisis, ética. Guadalajara (México): Universidad de Guadalajara</li><li>- Mercado FJ, Gastaldo D, Calderón C (2002). Paradigmas y diseños de la investigación cualitativa en salud. Una antología iberoamericana. Guadalajara (México): Universidad de Guadalajara</li><li>- Pedraz Marcos A, Zarco Colón J, Ramasco Gutiérrez M, Palmar Santos AM (2014). Investigación cualitativa. Barcelona: Elsevier España</li><li>- Polit D, Hungler B (2000). Investigación científica en ciencias de la salud. México: Mc Graw-Hill/Interamericana</li><li>- Rodríguez Gómez G, Gil Flores J, García Jiménez E (1996). Metodología de la investigación cualitativa. Granada: Aljibe</li><li>- Ruiz Olabuénega JI. (2012). Metodología de la Investigación Cualitativa. Bilbao: Universidad de Deusto</li><li>- Strauss A. (2008). Bases de la investigación cualitativa. Medellín: Editorial Universidad de Antioquia</li><li>- Taylor S, Bogdan R (1996). Introducción a los métodos cualitativos de investigación. Barcelona: Paidós</li><li>- Vázquez Navarrete ML (2006). Introducción a las técnicas cualitativas de investigación aplicadas en salud. Barcelona: Universidad Autónoma de Barcelona</li><li>- Argimón Pallás &amp; Jiménez Villa (2019). Métodos de investigación clínica y epidemiológica. Barcelona: Elsevier</li><li>- Hulley SB, Cummings SR, Browner WS, Grady D, Herast N, Newman TB (2007). Designing clinical research. Lippincott Williams &amp; Wilkins</li><li>- Fletcher RH, Fletcher SW (2007). Epidemiología Clínica (4ª ed.). Lippincott Williams &amp; Wilkins</li><li>- Altman DG (1991). Practical statistics for medical research. Chapman &amp; Hall</li><li>- (2007). FISTERRA ? Metodología de la investigación (<a href="http://www.fisterra.com/formacion/metodologia-investigacion/">http://www.fisterra.com/formacion/metodologia-investigacion/</a>).</li><li>- (2007). Itinerario de Investigación e Innovación Biosanitaria (<a href="http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60481">http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60481</a>) (<a href="http://www.youtube.com/user/Itinerariofegas">http://www.youtube.com/user/Itinerariofegas</a>).</li></ul>
Bibliografía complementaria	 

## Recomendacions

Materias que se recomienda cursar previamente

Materias que se recomienda cursar simultáneamente

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/661G01004

Materias que continúan o temario

Observaciones



A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico establece os elementos metodolóxicos, cuantitativos e cualitativos, que necesita a/o estudiante para ser consumidor crítica/o da información científica da súa disciplina. É por iso que en todas as materias posteriores de 2º, 3º e 4º Grao de Enfermería as/os estudiantes, de modo transversal, terán que fazer uso das competencias adquiridas nesta materia. Será unha necesidade, nas materias subseguientes, profundar desde un enfoque práctico e clínico na capacidade da/o estudiante para consumir información científica, realizar unha análise crítica da mesma, aplicala no contexto de cada materia e nos casos que o precisen tomar decisións clínicas.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías